



CONVOCATORIA PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE “MOBILIDADE EN GRUPO” DENTRO DO PROXECTO KA-121-SCH 2023 DO PROGRAMA ERASMUS+

1. BASES

O IES Plurilingüe Rosalía de Castro participa no Programa Erasmus+ no sector da Educación Escolar a través da Acreditación KA-120 con proxectos propios dende este curso 2023-24.

Neste curso académico participamos cun KA-121 2023 no que estamos a desenvolver unha serie de actividades tanto para o profesorado como para o alumnado do noso instituto.

Para esta actividade en concreto contamos coa posibilidade de realizar ao longo do segundo ou do terceiro trimestre do presente curso unha ou dúas mobilidades en grupo para o alumnado de ESO ou Bacharelato.

A actividade de mobilidade en grupo consiste na realización dunha estancia de aprendizaxe xunto co alumnado dun centro educativo no estranxeiro. Durante toda a actividade, o alumnado debe estar acompañado polo profesorado do noso centro que será quen oriente o proceso de aprendizaxe e a mobilidade.

Para a realización desta actividade hai dúas posibilidades:

-Dous grupos de alumnas e alumnos de 8-10 persoas acompañados de dous profesores ou profesoras que serán as persoas que coordinen o proxecto. As mobilidades serán de cinco días de estancia no centro educativo socio e dous de viaxe.

-Ou un grupo de 15 alumnas e alumnos acompañado de dous profesores ou profesoras que serán as persoas que coordinarán o proxecto. A mobilidade será de oito días de estancia no centro educativo socio e dous de viaxe.

As persoas interesadas en participar deberán presentar un proxecto no tempo indicado seguindo o modelo que achegamos no espazo Erasmus da páxina web.

O proxecto debe estar relacionado con algunhas das liñas e obxectivos do noso Plan Erasmus:

Coeducación e igualdade

Educación para o desenvolvemento sostible

Autonomía moral e cidadanía

Avaliación e mellora da competencia dixital docente

2. PRAZOS

PRESENTACIÓN SOLICITUDES E PROXECTO SEGUNDO O MODELO*	Do 15 de decembro de 2023 ao 15 de xaneiro de 2024
PUBLICACIÓN PROVISIONAL BAREMACIÓN**	16 de xaneiro de 2024
PRESENTACIÓN RECLAMACIÓNS	Do 17 ao 21 de xaneiro de 2024
PUBLICACIÓN DEFINITIVA BAREMACIÓN**	22 de xaneiro de 2024

* *Formulario de solicitude online e modelo de proxecto dispoñibles na páxina web do IES*

***A baremación publicarase na páxina web do centro e no Espazo Erasmus+ do IES.*

3. CRITERIOS DE SELECCIÓN DOS PROXECTOS

Ao tratarse dun proxecto de centro, terá preferencia o persoal definitivo.

1. RELACIÓN E COMPROMISO COA ORGANIZACIÓN EDUCATIVA (40%)

1.1. Por antigüidade no centro educativo: 0,25 por ano (Ata 1 punto)

1.2. Pola participación en grupos de traballo e proxectos no centro educativo: 0,5 por proxecto (Ata 3 puntos)

2. IDIOMAS E MÉRITOS (10%)

2.1. Certificados de nivel da lingua vehicular (ou no seu defecto Inglés): Ata 0,7 puntos

B1: 0,1 puntos. B2: 0,15 puntos. C1: 0,2 puntos. C2: 0,25

2.2. Por asistencia e aproveitamento a xornadas ou cursos sobre internacionalización dos centros educativos: Ata 0,3 puntos

3. ENTREVISTA PERSOAL (10%)

Valorarase:

-O coñecemento do Programa Erasmus+ e dos proxectos de internacionalización que se realizan no centro.

-A xustificación do proxecto e a súa relación e pertinencia coas liñas do noso Plan Erasmus.

-Será obrigatorio o compromiso de difusión dos resultados de aprendizaxe.

4. PROXECTO (40%)

Os criterios de valoración do proxecto serán os seguintes:

Xustificación e relación co Plan Erasmus e coa especialidade	1 punto
Descrición dos obxectivos e das actividades	1 punto
Aplicabilidade dos resultados e impacto no centro e na aula	2 puntos

4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DO PROXECTO

A solicitude realizarase mediante o formulario *googleforms* que figura no espazo Erasmus+ da páxina web do centro e o proxecto achegarase a través do seguinte enderezo electrónico:

erasmusiesrosalia@iesrosaliadecastro.org